

## **I EDICIÓN PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY**

O Concello de Fornelos de Montes, para honrar a memoria do seu ilustre escritor e contribuír á promoción xornalística en galego, convoca a I edición do **PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY**, cos seguintes obxectivos:

**1.-** Poderán concorrer a este certame todas as persoas que o desexen e cada participante deberá facelo cun único artigo.

**2.-** Os artigos serán inéditos, deberán estar escritos en galego e estaren redactados nun estilo xornalístico de carácter divulgativo e/ou de opinión no ámbito da denuncia social.

Os artigos presentados deberán ter entre 2.500 e 3.500 caracteres con espazos incluídos (entre 450 e 600 palabras, aproximadamente).

**3.-** Nas obras concursantes deberán aparecer escrito con claridade o título e un lema, que tamén figurarán no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono, correo electrónico e enderezo, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

**4.-** Os artigos deberán presentarse por cuádruplicado, ben no propio Concello ou por correo certificado, en cuxo remite só deberá figurar o pseudónimo.

**5.-** O prazo de presentación rematará o día 30 de xuño de 2017

**6.-** A dotación do premio único e indivisible que será de 1.000 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica.

**7.-** O xurado estará composto por tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Fornelos de Montes.

**8.-** Para a selección do traballo premiado, o xurado terá en conta:

- A orixinalidade dos artigos
- A adecuación ao tema e xénero solicitados.
- A claridade expositiva e a calidade lingüística.

**9.-** O veredicto será dado a coñecer na primeira quincena de setembro de 2017 directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios de comunicación. A entrega do premio terá lugar, salvo causas de forza maior, nun acto público no Centro Multiusos do Concello de Fornelos de Montes o 15 de outubro de 2017. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas

dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.

**10.-** O artigo premiado quedará en propiedade do Concello de Fornelos de Montes, a quen se lle permite o seu uso e difusión por todos os medios, sen xerar iso ningún tipo de custo económico por dereitos de autoría nin outros conceptos.

Para a súa publicación os artigos poderán ser revisados lingüisticamente.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá a opinión do xurado.